

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA
WEB www.paradela.es**

Por resolución da Alcaldía do día 22 de xuño de 2023, aprobouse definitivamente a lista de admitida/os e excluída/os da convocatoria relativa á contratación no Concello de Paradela, en réxime de persoal laboral temporal, de 2 postos de Socorrista, a designación de membros do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a valoración de méritos, do teor literal seguinte:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA A LISTA
DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E NOMEAMENTO DO
TRIBUNAL**

Enviado os sóndeos do Servizo Público de Emprego-Oficina de Sarria, oferta nº 12-2023-6572, en relación ao 2 postos de traballo de Socorrista.

De conformidade coas bases da convocatoria, aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do día 7 de xuño de 2023, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitida/os e excluída/os, da/os candidata/os participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria dos 2 postos de Socorrista.

RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDOS:

JAIRO RODRIGUEZ ALVAREZ

BRAIS LÓPEZ PRADO



—EXCLUÍDOS:

Ningún.

SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidata/os, nin é necesario o trámite de emenda pola/os candidata/os que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula quinta das bases que regulan este proceso de selección, ditarase una soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitida/os e excluída/os, publicándose a relación definitiva de admitidos no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula quinta e sexta das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador:

— Presidente: D. José Luis Rodríguez López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D. José López González. Empregado público do Concello de Dozón (Pontevedra).

— 1º Vogal: D^a. Maria José Golas Moure, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Ana Candame Areosa, Empregada pública do Concello de Brión (A Coruña).

— 2º Vogal: D. Manuel Piñeiro López. Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Maria Concepción González Crespo. Empregada pública do Concello de Mondoñedo (Lugo).

— 3º Vogal: Maria Pilar Gayoso Rifón. Empregada pública do Concello de Mondoñedo (Lugo).

— Suplente: D^a. Antia Pena Dorado, Empregada pública do Concello de Ponteceso (A Coruña).

— Secretaria: D^a. Ruth López-Mosquera García, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).



— Suplente: D^a. Maria Cristina González Santín. Empregada pública do Concello de Monforte de Lemos (Lugo).

CUARTO. O acto de valoración de méritos, do sistema de concurso, realizarase o vindeiro día 26 de xuño de 2023, as 11:00 horas, notifíquese a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, así como a designación do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a valoración de méritos.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O alcalde,

A secretaria,

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

Asdo.: Ruth López-Mosquera Garcia

Documento asinado ao marxe electronicamente”



Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, ante o alcalde do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

En Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O alcalde ,

Documento asinado ao marxe electronicamente

